

# Admisión alumnado

## **Prazo: do 1 ao 20 de marzo**

A solicitude de admisión presentarase preferentemente mediante o formulario normalizado a través da aplicación de xestión do proceso:

<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>

Tamén se poderá presentar o anexo II de forma presencial no centro docente que desexa ser admitido.

## **Documentación que se ten que presentar:**

- **Copia do libro de familia**, ou documento equivalente onde figure o alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, **se é o caso**.
- Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa nos termos do anexo II, **no suposto de estar escolarizado durante o curso anterior**.
- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, **cando deneguen a súa consulta**.

A solicitude deberá ser asinada polos dous proxenitores ou titores, agás que aquel que formalice a instancia teña atribuída a patria potestade con carácter exclusivo mediante resolución xudicial, que se presentará coa solicitude para a súa comprobación polo centro educativo.

**Listaxes provisionais de admitidos:** 25 de abril.

**Listaxes definitivas de admitidos:** 15 de maio.

## **MATRÍCULA.**

**Matrícula. (Alumnado novo e alumnado do centro da ESO)**

**Prazos para formalizar a matrícula:**

a) Educación infantil e primaria: do **20 ao 30 de xuño**

b) E.S.O.: do **23 de xuño ao 7 de xullo**

## Normativa relacionada

- [Decreto 13/2022, do 3 de febreiro](#), polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
  - [Orde do 21 de outubro de 2022](#) pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).
- Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, no caso de presentar máis dunha solicitude determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
  - O alumnado que ten garantía de permanencia no centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión na secretaría do centro CPI DOMINGO FONTÁN.
  - Centros adscritos:
    - EEI Romai
    - EEI Lantaño
  - Área de influencia do centro
    - Educación Infantil: Concello de Portas agás as parroquias de Romai e Lantaño
    - Educación Primaria: Concello de Portas
    - Educación Secundaria: Concello de Portas

## Servizos complementarios que ofrece o centro

### Comedor escolar

- Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.
- Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Modificación da Orde de comedores. Orde de 13 de xuño de 2008 que modifica a orde de comedores de 21 de febreiro de 2007. (DOG 19/06/2008). Ligazón
- Instrucións en relación co acceso aos servizos complementarios (comedores, transporte escolar) por parte de alumnos escolarizados en centros distintos aos que, inicialmente, lles correspondía (22 de xuño de 2009).

### Transporte escolar

- Real Decreto 443/2001, de 27 de abril, sobre condicións de seguridade en el transporte escolar y de menores.
- Real Decreto 894/2002, de 30 de agosto, por el que se modifica el Real Decreto 443/2001, de 27 de abril, sobre condicións de seguridade en el transporte escolar y de menores.
- Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.
- Orde do 29 de xullo de 1988 pola que se establece a sinalización que deberán levar os autobuses que realicen transporte escolar nos centros de ensino de titularidade pública
- Orde do 1 de marzo de 1991 pola que se ditan normas sobre racionalización do transporte escolar. vi. Decreto 203/1986, de 12 de xuño, polo que se regulan provisionalmente determinados aspectos do transporte escolar
- DECRETO 65/2014, do 28 de maio, polo que se modifica o Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.